

ESPAÑA NO SÉCULO XX (1901-1950)

1901

1950

A crise final da ditadura [de Primo de Rivera] arrastrou á monarquía. Coa Segunda República, España parecía seguir o camiño doutras novas repúblicas proclamadas en Europa trala Primeira Guerra Mundial. Unha vía reformista, na que o afondamento na democracia iría asociado a unha lexislación intervencionista en materia social e económica, e o reparto de terras aos campesiños favorecería a estabilidade social, ao tempo que se xeralizaría a secularización social. Con todo, a república española chegou tarde: nos anos trinta, as democracias entraron en crise en boa parte do continente, e aos seus vellos vicios, como a corrupción, contraporíanse as doutrinas irracionalistas, o protagonismo das masas fronte ao individuo, a apelación á violencia por riba das urnas. O estoupido da Guerra Civil (1936-1939) supuxo sen dúbida o momento de maior imbricación da dinámica sociopolítica española na tormenta do mundo. Fascismo e antifascismo, democracia fronte a totalitarismo, relixión fronte a irrelixión... o conflito xerará reaccións solidarias nos cinco continentes, pero tratábase da sublimación e da tradución concreta de problemáticas universais do momento. Por iso permanecería na memoria universal, e en especial na de Europa, coma un precedente dunha conflagración inevitable, a que levaría á Segunda Guerra Mundial, da que a guerra española constituiría tamén un símbolo cheo de esperanzas e frustracións sociopolíticas.

Xosé M. Núñez Seixas "Desastres coloniais, esperanzas e crises" en **NÚÑEZ SEIXAS, X. M.** *Historia mundial de España* (2018)